

Provincia	Concello	Código centro	Nome do centro	Idiomas
Lugo	Ribadeo	27020690	EOI de Ribadeo	Alemán Francés Inglés Italiano
Lugo	Viveiro	27020628	EOI de Viveiro	Alemán Francés Inglés Italiano
Ourense	Ourense	32016081	EOI de Ourense	Alemán Francés Galego Inglés Italiano Portugués
Ourense	O Barco de Valdeorras	32001725	Sección do Barco IES Lauro Olmo	Francés Inglés
Ourense	Verín	32013582	Sección de Verín IES García Barbón	Inglés
Ourense	O Carballiño	32015037	Sección do Carballiño IES Manuel Chamoso Lamas	Inglés
Pontevedra	Pontevedra	36018689	EOI de Pontevedra	Alemán Francés Galego Inglés Italiano Portugués
Pontevedra	Lalín	36004137	Sección de Lalín IES Ramón M <sup>o</sup> Aller Ulloa	Inglés Francés
Pontevedra	A Estrada	36002359	Sección da Estrada IES Antón Losada Diéguez	Inglés
Pontevedra	Pontevedra	36006729	Sección de Pontevedra IES Valle Inclán	Inglés
Pontevedra	Vigo	36018941	EOI de Vigo	Alemán Chinés Francés Galego Inglés Italiano Español para estranxeiros Portugués Xaponés
Pontevedra	Vigo	36011798	Sección de Vigo IES Alexandre Bóveda	Francés Inglés Italiano
Pontevedra	Cangas	36019475	Sección de Cangas IES de Rodeira	Francés Inglés
Pontevedra	Tui	36009901	Sección de Tui IES San Paio	Francés Inglés Portugués
Pontevedra	Ponteareas	36013692	Sección de Ponteareas IES Val do Tea	Inglés
Pontevedra	Nigrán	36015184	Sección de Nigrán IES Escolas Proval	Inglés
Pontevedra	Vilagarcía de Arousa	36024598	EOI de Vilagarcía	Alemán Francés Inglés Portugués Italiano

*Orde do 30 de xuño de 2010 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria pública de axudas destinadas ao financiamento dos xuros de préstamos concedidos nas convocatorias dos cursos académicos 2008-2009 ou 2009-2010 ao alumnado universitario galego.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comu-

nidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, transferiulle á comunidade autónoma competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 62/1988, do 17 de marzo. A Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, determina a constitución do sistema universitario de Galicia con tres universidades: a Universidade da Coruña, a de Santiago de Compostela e a de Vigo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades, está a levar adiante diversas accións de apoio económico ao alumnado de ensino universitario, coas que se pretende favorecer a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico. Neste sentido, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinou convenios de colaboración o día 13 de marzo de 2001 e unha addenda a estes o día 12 de xuño de 2002 coas entidades financeiras: *Banco Pastor, Caixa de Aforros de Galicia, Caixanova, Banco Gallego, Banco Simeón e Banco Etcheverría*, para facilitarlle ao alumnado universitario galego créditos bancarios a baixos xuros para o financiamento dos seus estudos.

Polo que antecede, esta consellería

*DISPÓN:*

*Artigo 1º.-Obxecto.*

Convócanse axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento dos xuros de préstamos concedidos ao alumnado universitario galego en convocatorias anteriores polas correspondentes entidades bancarias.

Estas axudas son compatibles con calquera outra axuda destinada para a mesma finalidade polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

*Artigo 2º.-Orzamento.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará a parte que lle corresponde dos xuros dos préstamos concedidos en convocatorias anteriores con cargo á partida orzamentaria 09.02.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, cunha contía global máxima de 2.000 euros.

### Artigo 3º.-Beneficiarios/as.

Procederá a concesión destas axudas a aqueles alumnos universitarios que foron beneficiarios dos préstamos nas convocatorias dos cursos académicos 2008-2009 ou 2009-2010 e que se matriculen no próximo curso 2010/2011 nos mesmos estudos para os cales se lles concedeu o crédito.

### Artigo 4º.-Solicitudes, documentación e prazo de presentación.

1. A solicitude, segundo o modelo ED434B que se publica como anexo a esta orde, asinada polo/a interesado/a, remitirase á Secretaría Xeral de Universidades, edificio administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela e poderá presentarse:

a) No Rexistro Único da Xunta de Galicia, ou ben en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

b) Nos rexistros oficiais das universidades do sistema universitario de Galicia, de conformidade coa Resolución do 25 de xuño de 2007, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do convenio de colaboración entre esta consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo en materia de rexistros administrativos.

Se a solicitude é remitida por correo, presentarase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo/a funcionario/a de correos antes de que proceda á súa certificación postal.

Non se admitirán como medio de presentación de solicitudes os servizos de mensaxaría privados.

2. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Xustificante de matrícula correspondente ao curso 2010/2011 ou declaración responsable do/a solicitante de que non está matriculado/a e de que se compromete a entregar o xustificante da matrícula no prazo de dous días a partir do día en que se matricule, tendo en conta que non poderá ser beneficiario/a da axuda en tanto non presente na Secretaría Xeral de Universidades, antes do día 20 de novembro de 2010, o mencionado xustificante. Unha vez presentado o xustificante de matrícula, a secretaria xeral entregarálle a correspondente autorización para que a entidade bancaria lles manteña a prórroga.

b) Declaración responsable do/a solicitante con expresión das axudas solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade das distintas

administracións públicas competentes ou doutros organismos públicos ou privados.

3. O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e permanecerá aberto ata o día 15 de setembro de 2010.

### Artigo 5º.-Exposición de listaxes provisionais.

1. Unha vez examinadas as solicitudes e a documentación presentada polos solicitantes, expóranse as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e as excluídas, sinalando os motivos de exclusión, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas xefaturas territoriais e nas vicerreitorías de estudantes das tres universidades galegas. Así mesmo, poderán ser consultadas no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: [www.edu.xunta.es/](http://www.edu.xunta.es/)

2. As listaxes provisionais serán expostas o día 1 de outubro. Os interesados disporán dun prazo de reclamación comprendido desde o día 2 ao 14 de outubro de 2010, ambos os dous incluídos, e durante ese prazo poderanse formular reclamacións ou emendar erros e a falta de documentación ante a Secretaría Xeral de Universidades, presentando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase que o interesado desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos na Lei 30/1992.

### Artigo 6º.-Comisión avaliadora.

A selección das solicitudes será realizada por unha comisión integrada por:

Presidente: o/a titular da Subdirección Xeral de Universidades.

Vogais: tres representantes da Secretaría Xeral de Universidades, dos cales un/unha deles/as actuará como secretario/a con voz e voto.

### Artigo 7º.-Resolución.

1. Una vez efectuada a selección pola comisión avaliadora, esta elevará, a través da Secretaría Xeral de Universidades, un informe-proposta á persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá resolución na cal constará a relación de persoas ás cales se lles concede a axuda e outra de denegadas coas causas de denegación, se as houbese.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto

nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. Para os efectos establecidos no artigo 23.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución, lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

3. Os/as solicitantes aos cales lles sexa denegada a axuda poderán solicitar a devolución da documentación presentada no prazo de dous meses a partir da publicación da concesión das axudas no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 8º.-Obrigas dos/as beneficiarios/as.

1. O alumnado que resulte beneficiario destas axudas comprométese ao cumprimento do establecido nesta convocatoria, especialmente respecto ás seguintes obrigas:

a) Amortizar o capital obxecto do préstamo e o pagamento dos xuros deste.

b) Cumprir as condicións específicas que as entidades financeiras, de acordo coas súas normas de funcionamento e o convenio do 13 de marzo de 2001 determinan.

c) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, O Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, segundo dispón o artigo 14.1º k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro, total ou parcial, polo/a beneficiario/a, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e logo do correspondente expediente tramitado segundo o procedemento que establece o Decreto 11/2009.

#### Disposicións adicionais

Primeira.-A presentación da solicitude de concesión de axuda comportará a autorización á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para:

a) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas así como as sancións impostas cando proceda. A reserva que o peticionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

b) De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15.2º c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Segunda.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión segundo prevé o artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades para adoptar os actos e medidas necesarios para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Contra esta orde poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2010.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
 Secretaría Xeral de Universidades

ANEXO

PROCEDIMENTO <b>AXUDAS DESTINADAS AO FINANCIAMENTO DOS XUROS DE PRÉSTAMOS CONCEDIDOS NAS CONVOCATORIAS DOS CURSOS ACADÉMICOS 2008-2009 OU 2009-2010 AO ALUMNADO UNIVERSITARIO GALEGO</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>ED434B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
RÚA E NÚMERO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO

## DATOS ACADÉMICOS

FACULTADE /ESCOLA			
UNIVERSIDADE GALEGA	CAMPUS		
<input type="checkbox"/> CURSO EN QUE ESTIVO MATRICULADO EN 2009/2010	<input type="checkbox"/> CURSO EN QUE SE VAI MATRICULAR EN 2010/2011		

## DATOS CRÉDITO

<input type="checkbox"/> SOLICITA A 1ª PRÓRROGA
<input type="checkbox"/> SOLICITA A 2ª PRÓRROGA
<input type="checkbox"/> CONTÍA CRÉDITO ASINADO

## DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA OS QUE SOLICITAN PRÓRROGA

<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE MATRÍCULA CURSO 2010/2011.
OU
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN RESPONSABLE SE NON ESTIVESE MATRICULADO.
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN RESPONSABLE DO SOLICITANTE, CON EXPRESIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE.

O/a que abaixo asina DECLARA QUE lle presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente. A persoa que abaixo asina fai unha declaración responsable de que non se atopa incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 punto 2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## OBSERVACIÓNS

--

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 30 de xuño de 2010 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria pública de axudas destinadas ao financiamento dos xuros de préstamos concedidos nas convocatorias dos cursos académicos 2008-2009 ou 2009-2010 ao alumnado universitario galego.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO  REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE  DATA DE ENTRADA ___/___/___ DATA DE EFECTOS ___/___/___ DATA DE SAÍDA ___/___/___
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA  Lugar e data , de de 201		

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral de Universidades.  
 Edificio administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela